

Santiago de Compostela 22 de setembro de 2025

ASUNTO

Resolución e notificación de proxectos seleccionados para a fase de consolidación da 7ª Edición da Business Factory Food (BFFood).

ANTECEDENTES

Ao abeiro do “*Convenio entre Instituto Galego de Promoción Económica (Igaepe), Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (Xesgalicia) e Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), para a Continuidade do Foco de Emprendemento no Sector Alimentario de Galicia (Business Factory Food – BFFood)*” de 3 de febreiro de 2025 publicouse no día 12 de marzo a convocatoria pública para a 7ª Edición da BFFood.

A data límite para a presentación de candidaturas á fase de consolidación foi o 5 de setembro de 2025. Con data 16 de setembro mantívose unha xuntanza do Comité de Avaliación, na cal se preseleccionaron 10 proxectos para participar no evento de PitchDay, celebrado no día 19 de setembro no Auditorio do Edificio Feuga.

No mesmo día 19 de setembro, trala celebración do PitchDay, tivo lugar a xuntanza de deliberación do Comité de Avaliación da BFFood, na cal se seleccionaron seis proxectos para a fase de consolidación (máis un proxecto en lista de reserva). Esta selección foi ratificada polo Consello Executivo da BFFood nunha xuntanza celebrada no día 22 de setembro de 2025.

Polo anterior, e mediante esta resolución, **selecciónanse os seguintes proxectos para formar parte do programa BFFood na súa fase de consolidación:**

Número	Proxecto	Reto
1	Ainwater	Reto 1: Digitalización y automatización
2	Agrikola	Reto 1: Digitalización y automatización Reto 4: Sostenibilidad
3	Brainr	Reto 1: Digitalización y automatización Reto 2: Trazabilidad, calidad y seguridad alimentaria
4	FreeShakes	Reto 5: Desarrollo de nuevos productos
5	Masel	Reto 1: Digitalización y automatización Reto 2: Trazabilidad, calidad y seguridad alimentaria
6	Postres	Reto 5: Desarrollo de nuevos productos Reto 6: Innovación de procesos y comercialización

Adicionalmente, o Consello Executivo decidiu colocar o proxecto “Naturr” en reserva.

Asdo: Roberto Alonso Ferro
Secretario do Consello Executivo da BFFood